

Tema 1. Orixes, características e vixencia da filosofía.

Tema 1. Parte 2. Da Modernidade a actualidade. Ramas, vixencia e funcións da filosofía.

3. As características do pensamento moderno.

3.1. O humanismo renacentista.

O Renacemento caracterizarase pola ruptura cos límites impostos pola tradición medieval, tanto a nivel xeográfico (descúbreanse novos territorios); económico (o comercio gaña importancia e comeza a formarse unha nova clase social ao seu redor); social (ráchase cos estamentos medievais); político (comezan a forxarse os estados nacionais e sepárase o poder político do relixioso), etc.

A nivel filosófico podemos dicir que se produce un avance dende o **teocentrismo** medieval cara o **antropocentrismo** humanista, é dicir, sitúase ao ser humano no centro, ao cal se lle considera capaz de desvelar os misterios da natureza. Isto leva a certos pensadores renacentistas como Paracelso ou Giordano Bruno, a apoiarse en disciplinas que hoxe consideraríamos como pseudocientíficas: a astroloxía, a maxia ou a alquimia.

3.2. A revolución científica: a ciencia e a filosofía da Modernidade.

Será nos séculos XVI e XVII nos que, a partir desta confianza nas facultades humanas, se desenvolva a ciencia tal e como a coñecemos hoxe en día. Prodúcese, en base a unha serie de observacións e ao avance en disciplinas como a matemática, un **cambio de paradigma**.



Especialmente relevante foi a revolución que experimentou a **astronomía** grazas a figuras como Copérnico, Kepler ou Galileo. Copérnico rachou co modelo cosmolóxico establecido por Aristóteles e Ptolomeo, imperante durante a Antigüidade e plenamente aceptado polas autoridades relixiosas medievais, pois non contradecía ás verdades reveladas. Segundo este modelo a Terra estaba no centro do universo e o resto de astros xiraban ao seu redor. Copérnico defendeu que era o Sol o que estaba no centro, acreditaba nun modelo **heliocéntrico** fronte ao **xeocentrismo** tradicional. Isto tiña numerosas implicacións: o ser humano non habitaba o centro do cosmos xa que a Terra

era un planeta máis. Galileo axudou a asentir as teses de Copérnico e contribuíu a formular o **método hipotético-dedutivo**, o cal combina a observación, a formulación de hipóteses matemáticas e a súa contrastación a partir da experimentación. Puxo no centro a cuestión do método, necesario para chegar a un coñecemento obxectivo e verdadeiro sobre a natureza. Estes primeiros científicos

Tema 1. Orixes, características e vixencia da filosofía.

da Modernidade non se preguntaban por cuestións metafísicas como poden ser os principios últimos da realidade, senón que intentaban describir os feitos que observaban. Pretendían atopar regularidades, explicalas e predicilas.

A cuestión do método será o tema central do pensamento desta época. Nesta etapa podemos diferenciar dúas grandes escolas filosóficas contrapostas: o **racionalismo** e o **empirismo**. Dentro da primeira podemos destacar á figura do francés **René Descartes** (1596 – 1650), o cal é considerado como o pai da filosofía moderna. Descartes, inspirándose nas matemáticas, buscará un método que lle permita chegar a verdades evidentes e indubitables, algo totalmente seguro a partir do cal construír o resto do edificio do coñecemento. Como se dunha árbore se tratase primeiro habería que dilucidar o que son as raíces para poder comprender o que é a árbore no seu conxunto. Descartes dubidará de todo: da experiencia a través dos sentidos e, en consecuencia, da realidade mesma, dado que non podemos diferenciar entre soño e vixilia (como se da película Matrix se tratase) A dúbida será necesaria para chegar a aquilo do cal non se pode dubidar.

Será nas illas británicas onde aparecerán unha serie de pensadores críticos co racionalismo de base cartesiana. Nace así o **empirismo**, corrente que considerará á **experiencia como único fundamento do noso coñecemento**, tomando como inspiración aos avances de ciencias como a física. Destacan nomes como os de **John Locke** (1632 – 1704) ou **David Hume** (1711 – 1776). O primeiro negará a existencia de ideas innatas, isto é, de ideas xa dadas na nosa mente, non ligadas aos datos dos sentidos. Para Locke a mente humana é unha **tabula rasa**, unha páxina en branco na que a experiencia grava os seus contidos. Hume será crítico coas ideas de "alma" ou "Deus", pois non proceden de ningún tipo de experiencia e polo tanto carecen de significado. Será dos primeiros en afirmar de forma tallante que o **coñecemento humano ten límites**.

3.2. A Ilustración: atreverse a pensar como condición necesaria para ser libre.

O debate entre racionalistas e empiristas será superado pola filosofía de **Immanuel Kant** (1724 – 1804) Igual que Hume, argumentará que o coñecemento humano ten certos límites: aqueles que establece a experiencia. Con todo, dará unha volta ao pensamento moderno, xa que segundo este pensador alemán son os obxectos do mundo os que se adaptan ás nosas facultades cognoscitivas e non ao revés. En definitiva: **son os obxectos os**



Tema 1. Orixes, características e vixencia da filosofía.

que se adaptan ao suxeito. Deste xeito nunca coñecemos as cousas tal e como son, o que Kant denomina *cousa en sí* ou "*noúmeno*", senón tal e como estas se adaptan a nós.

O pensamento ilustrado, no que podemos destacar nomes como os de Kant, Locke, Hume, Voltaire, Diderot, Montesquieu, Olympe de Gouges ou Rousseau, recoñecerá os límites da razón humana e, ao mesmo tempo, aplicará dita razón a todos os ámbitos da vida humana: á relixión, á política, á arte, á moral, á ciencia, etc. Podemos dicir que a Ilustración caracterízase polo seu **espírito crítico**, o cal tamén representa a famosa máxima kantiana á que xa nos referimos ao comezo deste tema: *sapere aude!* (atrévete a saber). A filosofía ilustrada levará a grandes transformacións políticas xa que serán moitos os pensadores que, seguindo este espírito crítico, cuestionen ás institucións e ás normas do Antigo Réxime: a monarquía absoluta, o poder da aristocracia e o clero, etc. O pensamento de autores como Locke ou Rousseau estará na base de revolucións políticas como a Revolución Norteamericana e a Revolución Francesa, respectivamente. Ensalzaranse principios como a tolerancia, a liberdade e as institucións democráticas ademais de defenderse a soberanía popular e a separación da Igrexa e o estado. A Ilustración será sinónimo de liberdade e emancipación dos individuos e das sociedades a través do exercicio da súa razón.

4. A evolución do pensamento contemporáneo.

A filosofía kantiana deixará a súa pegada nas dúas correntes de pensamento que "pechan" a Modernidade: o **idealismo alemán** e o **positivismo**. A primeira alcanza o seu cumio con **Hegel** (1770 – 1831), pensador que identificará o real co racional e construírá un gran sistema filosófico que busca dar conta de toda a realidade. **Karl Marx** (1818 – 1883) beberá da filosofía hegeliana, criticándoa nalgúns aspectos á hora de postular a súa propia. Será o gran crítico da sociedade froito da Revolución Industrial así como do capitalismo decimonónico. Contra o idealismo hegeliano Marx será un materialista convencido e explicará como a estrutura económica da sociedade condiciona a nosa conciencia, forma de pensar, crenzas, etc.

O positivismo de **Auguste Comte** (1798 -1857) xorde como unha crítica aos excesos metafísicos de Kant e Hegel. Para este filósofo francés, o único saber é o das ciencias empíricas particulares, aquelas que tratan dos feitos, do observable, criticando a todos aqueles que se perderon en especulacións e divagacións conceptuais intentando ir máis aló do que a ciencia pode abarcar. Contra este cientificismo se erixirán autores como **Friedrich Nietzsche** (1844 – 1900), que criticará as bases filosóficas da cultura occidental por consideralas como un gran engano.

O positivismo rexurdirá nas décadas de 1920 e 1930, da man dos grandes avances científicos como a teoría da relatividade ou a física cuántica. Seguirán a tradición de Hume e Comte, atacando

Tema 1. Orixes, características e vixencia da filosofía.

aos excesos da filosofía tradicional, considerando que esta se atascara en problemas irresolubles debido a un mal uso da linguaxe. Así, buscarán establecer unha linguaxe perfecta, lóxica, a cal evite os erros e as ambigüidades da linguaxe filosófica. De lograr isto os problemas da filosofía quedarán resoltos. Nesta tarefa destacan nomes como **Ludwig Wittgenstein** (1889 – 1951) ou o británico gañador do premio Nobel, **Bertrand Russell** (1872 – 1970)

Contra esta nova corrente positivista reaccionarán intelectuais como **Edmund Husserl** (1859 – 1938), que reivindicará o papel da filosofía como "ciencia estrita", isto é, como "base" ou "alicerce" de todas as ciencias particulares. O seu discípulo, **Martin Heidegger** (1889 – 1976) será considerado como un dos primeiros e máximos expoñentes da filosofía existencialista, centrada en buscar a resposta ao sentido da existencia humana, corrente que terá unha enorme repercusión na literatura (**Albert Camus**, **Jean-Paul Sartre**) ou no cinema (**Ingmar Bergman**). Os acontecementos do século XX, como as guerras mundiais ou o Holocausto, levará a moitos pensadores a reflexionar sobre a relación entre a razón, a ciencia e a ética. Xurdirán novas escolas de pensamento que beberán de influencias diversas como a psicanálise ou o marxismo e intentarán dar resposta aos problemas do seu tempo.

Hoxe en día os pensadores e pensadoras da actualidade enfróntase aos problemas do noso contexto: o poder de internet e as redes sociais na sociedade da información, a dependencia da tecnoloxía a todos os efectos, a posverdade e as *fake news*, o debate entre liberdade e seguridade tras a pandemia, o cambio climático, etc. Con todo, estes son ramificacións dos grandes interrogantes que filósofos anteriores xa se formularon, cuestionándose polo que é a verdade, se esta é relativa ou universal, que entendemos por xustiza ou que significa, en definitiva, ser humano.



5. As distintas disciplinas teórico-prácticas dentro da filosofía.

Xa vimos que unha das características da filosofía era a de intentar dar unha visión global que integre os distintos saberes particulares. A filosofía busca elaborar unha **cosmovisión** ou imaxe do mundo feita dos "pedazos" heteroxéneos que obtén de diversos saberes. Para isto sérvese de contrastar criticamente múltiples perspectivas sobre diferentes temas.

Tema 1. Orixes, características e vixencia da filosofía.

Entre ditos temas podemos destacar algúns como o problema do coñecemento, a verdade, a natureza das leis científicas, a linguaxe propia da ciencia, a linguaxe propia da ciencia, o que é o ser humano, a xustiza, a moral, a beleza, etc. A filosofía busca así achegar **coñecemento** sobre aquelas parcelas da realidade cara a que orienta a súa investigación, un coñecemento que sexa o suficientemente contrastado para poder ser considerado como **verdade**. Podemos dividir a nosa disciplina en distintas ramas segundo o seu obxecto de estudo:

- **Teoría do coñecemento:** versa sobre a natureza, as fontes e límites do coñecemento; sobre a verdade e o método para acadala.
- **Filosofía da linguaxe:** ocúpase dos diversos usos da linguaxe, os seus compoñentes, que diferencia á linguaxe que empregamos habitualmente da linguaxe científica, que posibilidades ten cada unha, etc.
- **Antropoloxía filosófica:** relaciona os resultados dos saberes particulares que se ocupan do ser humano (psicoloxía, bioloxía, socioloxía) e intenta dar resposta á **pregunta polo sentido e finalidade do ser e da conduta humana**.
- **Ética:** forma parte da "filosofía práctica" e reflexiona sobre os valores en xeral, a súa natureza, o que entendemos por xustiza, etc.
- **Política:** analiza o "vivir xuntos", de onde veñen os dereitos e normas que rexen a nosa vida en común, os distintos modelos de sociedade, o que entendemos por ben común, etc.
- **Estética:** ocúpase do nosos xuízos sobre o que consideramos "belo". Ten como obxecto de estudo ás obras de arte, os motivos polos que as consideramos belas e mesmo obras de arte. Os criterios para xulgalas, as súas implicacións máis aló da experiencia estética, etc.
- **Metafísica:** a reflexión, en palabras de Aristóteles, do ser en canto a ser. Ocúpase do ser en xeral, independentemente de un obxecto ou outro. Busca os primeiros principios e os fundamentos de todos os demais saberes.

6. As funcións e a vixencia actual da filosofía.

Unha vez vista a evolución histórica que a filosofía tivo dende as súas orixes, as súas características e ramificacións, debemos facernos a seguinte pregunta: para que serve? Podemos falar dun **uso teórico** e outro **práctico**:

- **Uso teórico:** a filosofía busca os fundamentos doutros saberes ou orientar a actividade doutras disciplinas. Por exemplo, ao reflexionar sobre a natureza da verdade, a validez do método para acceder a ela ou os límites do coñecemento a filosofía está axudando a que os científicos avancen sobre unhas bases cada vez máis firmes.

Tema 1. Orixes, características e vixencia da filosofía.

- **Uso práctico:** a filosofía é un saber actuar e comportarse, un saber que orienta ás persoas tanto individual como colectivamente. Que decisións podemos considerar correctas, como afrontar as dificultades, como relacionarnos coas institucións e as normas, etc.

Pero, para que precisamos hoxe da filosofía? Como actitude crítica esta será sempre necesaria: sempre que alguén rectifica unha opinión errónea mantida durante moito tempo e se pregunta polas causas do seu erro; cando un lee o xornal sobre os novos descubrimentos astronómicos e se pregunta polos límites do Universo e por se a nosa razón poderá acadalos; cando debatemos sobre as desigualdades sociais; cando facemos fronte a dificultades persoais como a perda dun ser querido ou a inevitabilidade da morte. Cando nos interrogamos sobre estes porqués estamos a realizarnos preguntas de carácter **filosófico**. Pero entón, se todos filosofamos, para que estudar filosofía coas súas distintas escolas e autores?

- Agudiza o **espírito crítico**. Afondar nestas "preguntas filosóficas" dende os distintos autores e escolas fainos ser capaces de **poñer en cuestión as nosas crenzas e conviccións máis profundas e mesmo modificalas**. A filosofía é unha **vacina** contra o dogmatismo, o cal presenta unha verdade como absoluta e incuestionable (tal e como facían os mitos e as relixións e agora fan certos medios, ideólogos, etc.)
- Permítenos ver máis aló do **inmediato** e analizar as razóns de fondo dos acontecementos que nos rodean. Permítenos tamén analizar os distintos fins que se atopan encubertos e que moven aos individuos: é o científico neutral dende un punto de vista ético e político? E o enxeñeiro que programa un algoritmo? E os que ofrecen produtos gratuitos a cambio de expoñernos na rede? Para responder a estas cuestións a reflexión filosófica ten un papel determinante.